

RELACIÓN DE ACORDOS APROBADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 27 DE DECEMBRO DE 2024.

Información e actas

1. Ratificación da urxencia.

2. Proposición da Presidencia sobre a aprobación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais. Anualidades 2025-2027.

3. Proposición da Presidencia da adxudicación da contratación da concesión de servizos do centro de produción virtual VPXR, servizo público da Deputación provincial da Coruña no marco do proxecto ecosistema dixital do sector audiovisual de A Coruña (EDAGA), A Coruña Estudio Inmersivo (CEI)

4. Proposición da Presidencia sobre a aprobación da Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributaria do servizo público prestado no centro de produción virtual "A Coruña, Estudio Inmersivo (CEI)".

1.- Ratificación da urxencia.

Ratifícase a urxencia.

2.- Proposición da Presidencia sobre a aprobación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense de Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais. Anualidades 2025-2027.

Aprobar o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais que se achega a continuación.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DA CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS

REUNIDOS

Pola Xunta de Galicia, Diego Calvo Pouso, conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes, e María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, nomeados polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia

Pola Deputación Provincial da Coruña, o seu presidente, Valentín González Formoso, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Pola Deputación Provincial de Lugo, o seu presidente, José Tomé Roca, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Pola Deputación Provincial de Ourense, o seu presidente, Luis Menor Pérez, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra, o seu presidente, Luis López Diéguez, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), o seu presidente, Alberto Varela Paz, que actúa en nome e representación daquela, en virtude

das atribucións que lle confire o artigo 46.1º.b) dos seus estatutos.

Todos os intervenientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

EXPOÑEN

PRIMEIRO. - Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscripción de convenios.

Así mesmo a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes conforme ao disposto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en relación co previsto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, é o departamento encargado de xestionar as competencias que en materia de protección civil e emerxencias ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, e máis especificamente a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior encadrada na súa estrutura.

Pola súa parte a Consellería do Medio Rural, conforme ao disposto no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, modificado polo decreto 148/2024 do 20 de maio, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, a través da Subdirección Xeral de Prevención pertencente á Dirección xeral de defensa do Monte.

SEGUNDO.- Ás Deputacións Provinciais, como órgano de goberno da provincia, correspóndelles a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos, no territorio da súa competencia e, en particular, participar na coordinación da administración local coa Comunidade Autónoma co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal.

Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, os órganos de goberno provinciais exercerán as súas competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias de acordo co previsto nesta lei, na lexislación galega de réxime local e na normativa estatal aplicable, correspondendo a estes garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non contén con servizos propios, por non resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.

TERCEIRO.- Entre os fins da FEGAMP, de acordo co establecido no artigo 2 dos seus estatutos, figura a representación e defensa das actividades locais, a promoción das competencias locais e calquera outro fin que afecte ou incida de xeito directo ou indirecto nos seus asociados. Con esta finalidade goza da plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus estatutos.

Que conforme ao disposto no artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios,

agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, a Xunta de Galicia poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a Administración local de Galicia para unha mellor e máis efectiva coordinación interadministrativa, tanto na fase preventiva coma na operativa, colaborando coa dotación de medios e recursos necesarios.

CUARTO.- Que segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia no seu artigo 1.2 define a protección civil como un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá. E coa mesma consideración, a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.

QUINTO.- Por outra parte, os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado, senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

Cómpre pois, un enfoque máis global na actuación preventiva ante os incendios forestais, de xeito que as medidas que se implementen, abarquen todo o territorio aínda que, para unha maior eficacia do uso dos recursos, se prioricen as zonas clasificadas como de alto risco de incendio forestal. En relación con isto, débese lembrar que todos os concellos de Galicia, segundo a Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, están declarados zonas de alto ou medio risco de incendio.

SEXTO.- Que para dar cumprimento ao manifestado, a Xunta de Galicia, as Deputacións Provinciais e a FEGAMP acordan apoiar o funcionamento dos grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) que complementarán a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais, de forma que cubrirán zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao municipal.

Ordinariamente os GES desenvolverán as súas funcións no ámbito de actuación adscrito, sen prexuízo de que deban intervir fóra deste ámbito territorial cando sexan mobilizados pola Central de Atención a Emerxencias 112 para a atención a emerxencias por razóns de cercanía ou necesidade de recursos adicionais.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería do Medio Rural; as Deputacións Provinciais e a FEGAMP asinan este

convenio co fin de simplificar e axilizar as tramitacións administrativas necesarias para alcanzar a colaboración pretendida.

Co novo convenio as achegas económicas totais entre as partes asinantes acadan o 52,5% de financiamento por parte dos departamentos da Xunta de Galicia e o 47,5% das entidades locais, sendo o 40 % procedente das Deputacións Provinciais e un 7,5% dos concellos.

De acordo co anteriormente exposto, dado que o acordo de colaboración é de común interese para todas as partes e harmoniza os fins dunhas e doutras, asinan o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto colaborar no desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, para completar o mapa de emerxencias de Galicia; a participación dos mesmos en tarefas de prevención de incendios e a colaboración na extinción de incendios forestais.

Para iso, achegarase a cada entidade local o importe que corresponda segundo o reparto que figura no Anexo II do convenio, de conformidade co establecido no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e 40 do decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007 do 13 de xuño.

SEGUNDA.- LOCALIZACIÓN

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais e os Servizos Municipais sitúanse estratexicamente en 35 localidades que se corresponden con 35 zonas de actuación, que por ter carácter supramunicipal permiten ofrecer cobertura, xunto cos demais servizos de emerxencia, a un total do 90-97% da poboación.

Os criterios determinantes da distribución dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais foron:

- A non existencia de Servizo contra incendios e salvamento, xa sexa comarcal ou municipal.
- 1. Poboación atendida, xa que existen zonas de alta concentración de poboación con mala ou nula cobertura actual por parte dos servizos contra incendios e salvamento.
- Distribución uniforme.
- Preferencia daquelas mancomunidades ou consorcios de concellos con prestación mancomunada no campo da protección civil.
- Localizacións en zonas de montaña, con moi mala accesibilidade, onde os dispositivos de Protección Civil teñen tempos de chegada máis alongados.
- Localizacións en zonas con riscos potenciais.
- Situación estratéxica en canto a vías de comunicación, co fin de axilizar o proceso de despregue e intervención nas emerxencias



- A existencia de medios e recursos municipais e estrutura organizativa de emerxencias e con experiencia e recursos humanos con formación en emerxencias.

As sedes dos GES establécense no anexo I de este convenio correspondendo a Comisión de Seguimento a proposta de novas sedes no caso de producirse vacantes.

TERCEIRA.- COMPOSICIÓN

Con carácter xeral cada GES estará composto por 12 efectivos, agás no caso do Grove Quiroga e Folgoso que contan con 6 efectivos.

En todos os casos, cada GES contará cunha estrutura profesionalizada e de carácter permanente, que dea cobertura a toda a zona de actuación do grupo conforme ao anexo I, no que se recolle tamén a súa sede. Non obstante, deberán intervir fóra deste ámbito territorial cando sexan mobilizados pola Central de Atención a Emerxencias 112, ben por ser o recurso máis próximo ou pola necesidade de dispoñer de medios extraordinarios para atender emerxencias.

Cada GES contará cos medios materiais que se especifican no anexo III.

No tocante á selección, formación e operatividade dos compoñentes destes grupos estarase ao disposto no anexo V.

CUARTA.- FUNCÍONS DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS

Os GES poderán exercer as seguintes funcións:

- Intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de incendios forestais coordinaranse tecnicamente co distrito forestal. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este.
- Definir e manter as redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais de competencia municipal.
- Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal en aplicación na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais ou de influencia forestal de titularidade dos concellos ou de propietario descoñecido e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas segundo a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Realizar actuacións de prevención da vespa velutina por seguridade da poboación tales como control e retirada de niños, entre outras actuacións que contribúan a súa prevención.
- Prácticas preventivas naqueles camiños e espazos públicos que poidan ao mesmo tempo servir de cortalumes.
- Intervir en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e



sen ser responsables do seu mantemento, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requiran. A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro

- Intervir en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntes de terra, situacións de seca, así como actividades de control fronte a vespa velutina por seguridade das persoas.
- Colaborar e, de ser o caso, intervenir en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.
- Colaborar coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacións serán obxectivamente analizadas polo concello sede.
- Colaborar e prestar apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medio ambiente.
- Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM), e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.
- Realizar actividades e, se é o caso, establecer medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de riscos indicadas nos apartados anteriores.
- Retirada de animais feridos, mortos ou abandonados, que ocasionen un risco para a salubridade ou risco pola perigosidade debido á tipoloxía, raza, estado, ou situación do animal, sempre que o concello onde se atope o animal se faga cargo de aboar o custo do seu depósito nun refuxio, canceira, zoolóxico, etc., dando el a orde de recollida e indicando onde se vai a levar.
- Eventualmente axudarán a garantir a sanidade e a salubridade das persoas, dos espazos públicos e do medio ambiente participando na limpeza e recollida de materiais nocivos que requiran ser retirados de xeito inmediato por ser un risco para as persoas, bens ou medio ambiente.
- Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, culturais, educativos e deportivos e outras de competencia municipal, vinculadas a unha situación emerxencia ou prevención da mesma, ou calquera actuación necesaria para resolver unha situación de urxencia e interese público.

QUINTA.- COORDINACIÓN DOS GES

Os GES dependerán tanto xurídica como organicamente do ente local polo que foron contratados, e en ningún caso os seus integrantes terán vínculo laboral nin coa Administración xeral da comunidade autónoma nin coa Deputación Provincial.

Segundo as características da emerxencia ou actividade preventiva ou extintiva que realicen, os GES coordinaranse tecnicamente cos servizos contra incendios, cos distritos forestais e/ou coa Central de atencións ás emerxencias 112-Galicia.

A coordinación ordinaria dos GES corresponde ao concello no que se sitúe a base do grupo, tendo presente sempre o seu carácter supramunicipal.

No caso de actuacións conxuntas en emerxencias de calquera tipo, cos efectivos dos parques de bombeiros comarcais, o mando e coordinación das mesmas, en cumprimento do principio de mando único, corresponde ao xefe da unidade do parque comarcal de bombeiros.

O concello sede aportará unha instalación-base adecuada para a prestación do servizo de emerxencias.

A Central de atención ás emerxencias 112-Galicia, conectará co grupo de emerxencia a través dun sistema remoto de xestión das emerxencias, cargando os programas informáticos no terminal dotado de liña de datos e de voz co que estará equipada a sede.

SEXTA.- FINANCIAMENTO DOS GES E SERVIZOS MUNICIPAIS

1- Os Grupos de emerxencias supramunicipais financiaranse polas seguintes partes asinantes do convenio:

- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería do Medio Rural
- As Deputacións Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
- As entidades locais que se adhiran a este convenio, e asinen o correspondente documento de adhesión que figura no Anexo VI.

2- A contribución ao financiamento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en materia de emerxencias para os GES fíxase en:

Para o financiamento dos servizos municipais: seiscentos nove mil euros (609.000,00 €) por anualidade financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior con cargo á aplicación orzamentaria 05.06.212.A.460.1.

Para o financiamento dos gastos de funcionamento dos GES (gastos correntes en bens e servizos), a Dirección Xeral de Administración Local achegará cincocentos vinte e sete mil seiscentos vinte e cinco euros (527.625,00€) por anualidade, con cargo á aplicación orzamentaria 05 .04.141.A.461.1.

3- A contribución ao financiamento da Consellería do Medio Rural en materia de prevención e extinción de incendios, para os GES, fíxase en un catro millóns catrocentos noventa e un mil trescentos setenta e cinco euros (4.491.375,00 €) para cada anualidade, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, con cargo á aplicación orzamentaria 15.02.551.B.760.0 código de proxecto 2011 00771.

O beneficiario destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes dos GES segundo o reparto do anexo II.

Serán gastos subvencionables pola Consellería do Medio Rural aqueles gastos directos que de xeito indubidable sexan necesarios para a realización das actuacións de prevención e extinción de incendios (salarios devengados e seguridade social a cargo da entidade local).

4- A contribución ao financiamento por parte dos concellos será efectuada directamente por cada entidade local aos traballadores contratados, con cargo aos seus respectivos orzamentos na contía que lle corresponde, segundo o anexo II ascende a un total de

oitocentos catro mil euros (804.000,00 €) por ano.

5- A contribución ao financiamento das Deputacións Provinciais por anualidade é o seguinte: un millón vinte catro mil euros (1.024.000,00 €) da Deputación da Coruña, seiscentos corenta mil euros (640.000,00 €) da Deputación de Lugo, un millón cincocentos trinta e seis mil euros (1.536.000,00 €) da Deputación de Ourense e un millón oitenta e oito mil euros (1.088.000,00 €) da Deputación de Pontevedra. Este financiamento distribuirase da seguinte maneira: un adianto do 50% da achega tras a sinatura do convenio, o 25% no mes de setembro e o restante 25% no momento final de xustificación.

6- O custo do presente convenio en materia de emerxencias, prevención e extinción de incendios é de 10.720.000,00 € por anualidade, fixándose os custes totais por GES no anexo II.

SÉTIMA.- TRAMITACIÓN

Respecto da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería, do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

OITAVA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A- Pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes e da Consellería do Medio Rural, o compromiso é:

- Financiamento: A Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes e a do Medio Rural colaborarán no financiamento dos custos que se deriven da operatividade dos GES, cunha achega a ingresar na conta de cada entidade local na que se sitúan as sedes dos GES ou os Servizos Municipais.
- Dirección e coordinación: ambas consellerías a través dos seus órganos directivos, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Dirección Xeral de Defensa do Monte respectivamente, ostentarán a dirección e coordinación operativas destes grupos cando fora solicitada a súa colaboración en emerxencias ou activación de plans, de competencia dun ou ambos órganos directivos.

B- Polas Deputacións Provinciais

- Financiamento: As Deputacións Provinciais colaborarán no financiamento cunha achega a ingresar na conta de cada entidade local na que se sitúan as sedes dos GES ou os Servizos Municipais.

C- Pola FEGAMP.

- A coordinación do proceso de adhesión por parte dos concellos.
- Difusión: a FEGAMP difundirá a actuación entre os concellos e os informará das condicións do convenio e do tipo de gastos que poderá financiar o convenio.

D- Polos Concellos sede dos GES,



- Deberán achegar as cantidades consignadas no anexo II.
- Deberán achegar unhas instalacións-base axeitadas para a prestación do servizo de emerxencias, permitindo a localización dos recursos humanos e materiais propios do servizo.
- Deberán atender de forma permanente as chamadas de emerxencia, de xeito que a non resposta as chamadas de emerxencia de forma continuada dará lugar por parte dos concellos sede, a non percepción da axuda, salvo causa xustificada, e previa audiencia ó concello implicado.
- Deberán cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento desta cláusula.
- Deberán acreditar a prestación do servizo, mediante os informes ou memorias técnicas emitidas polos responsables dos GES nos concellos sede, coa finalidade de percibir as achegas da Xunta de Galicia e da Deputación.
- Comprométense a conservar os medios e recursos de intervención de Galicia. O deterioro non xustificable polo uso que sufran os equipos será responsabilidade do concello.
- Dado o carácter supramunicipal dos GES, os concellos incluídos na área de actuación correspondente, segundo o anexo I, poderán pór a disposición destes os medios materiais de protección civil dos que dispoñan para atender as emerxencias, ou ben cedelos de forma permanente.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos fondos percibidos que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais coma comunitarios, aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións.

NOVENA.- LIBRAMENTO DE FONDOS DA XUNTA

O libramento dos fondos a cada entidade local na que se sitúan as sedes dos GES ou os Servizos Municipais, por parte da Xunta de Galicia, realizarase de conformidade co previsto no anexo IV

A Dirección Xeral de Defensa do Monte librará un pagamento anticipado do 100%, logo da sinatura do convenio e da corresponde solicitude de anticipo da entidade local. Esta cantidade poderá ser diminuída nos seguintes casos:

- En caso de nova incorporación o anticipo desa anualidade será proporcional ao número de meses que estean operativos.
- En caso de contar cun número de compoñentes inferior ao establecido, o anticipo será proporcional ao número real de compoñentes no momento da solicitude de pago do anticipo. A estes efectos, na solicitude de anticipo deberá constar este número.

A Dirección Xeral de Administración Local librará os importes establecidos no anexo II mediante un pago anticipado do 50%, previa solicitude da entidade local. O importe restante librarase despois da comprobación da xustificación realizada de conformidade co previsto no anexo IV

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, librará un pago anticipado do 50% , previa solicitude da entidade local. O importe restante librarase despois da comprobación da xustificación realizada de conformidade co previsto no anexo IV.

DÉCIMA- OBRIGAS DOS CONCELLOS SEDE

Os beneficiarios finais deste convenio están obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral e o Consello de Contas da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

A participación no presente convenio suporalles aos beneficiarios, o consentimento expreso á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio nos rexistros públicos da Xunta de Galicia, creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de novembro e decreto 126/2006 do 20 de xullo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas e, en todo caso, a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados para o mesmo fin, poderá dar lugar, se con isto se alterase os obxectivos deste convenio, á modificación da resolución da concesión.

O incumprimento dalgunha das obrigas recollidas neste convenio así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia dará lugar ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e/ou á perda do dereito ao cobro das contías non percibidas. No suposto de reintegro de axudas concedidas os xuros de mora esixiranse dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, tal e como establece no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As axudas concedidas neste convenio son incompatibles con calquera outra para a mesma finalidade. Así mesmo, no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.

DÉCIMO PRIMEIRA.- XURISDICIÓN E NORMATIVA APLICABLE

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. Para a interpretación de dúbidas e controversias que xurdan na interpretación deste convenio estarase ao disposto nas cláusulas deste e, subsidiariamente, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007 do 13 de xuño, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e aos principios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO DO CONVENIO

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, créase unha Comisión Mixta e paritaria na que estarán representadas a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, mediante catro representantes, dous da Dirección Xeral de Administración Local e dous da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior; a Consellería do Medio Rural, mediante dous representantes da Dirección Xeral de Defensa do Monte; as Deputacións Provinciais cun representante cada unha e a Fegamp, con dous representantes.

Son funcións desta comisión de seguimento:



- Velar polo cumprimento do convenio.
- Proponer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- En xeral, resolver os problemas de interpretación e cumprimento que podan xurdir na aplicación deste convenio.
- Fixar aquelas sedes incorporadas ao texto do convenio (anexo II) naqueles supostos nos que se produzan vacantes, cando o respectivo concello non formalice a adhesión final e formal ao convenio ou no suposto da creación de novo GES para a cobertura de zonas de sombra.

DÉCIMO TERCEIRA.-VIXENCIA

O presente Convenio estenderá a súa vixencia desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2027.

Os concellos formalizan a súa adhesión ao presente convenio coa sinatura do correspondente anexo VI de adhesión.

Este convenio poderá ser obxecto de modificacións ou de prórrogas xustificadas, logo da tramitación da addenda correspondente e seguindo os trámites necesarios para a formalización oportuna.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

DÉCIMO SEXTA.- BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). No seu caso a BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto para a súa publicación.



**Deputación
DA CORUÑA**

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio na data consignada nas sinaturas electrónicas.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes eA conselleira de Medio Rural

Diego Calvo Pouso

María José Gómez Rodríguez

O presidente da Deputación Provincial da Coruña eO presidente da Deputación Provincial de Lugo

Valentín González Formoso

José Tomé Roca

O presidente da Deputación Provincial de Ourense eO presidente da Deputación Provincial de Pontevedra

Luis Menor Pérez

Luis López Diéguez

O presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias

Alberto Varela Paz

ANEXO I: SEDE, ÁMBITO DE ACTUACIÓN E COBERTURA A NIVEL PROVINCIAL DOS GES

PROVINCIA DA CORUÑA		
<i>Zona</i>	<i>Sede/s</i>	<i>Concello</i>
Zona de Ortegal e Ferrol	Ortigueira	Cariño Cedeira Cerdido Mañón Moeche Ortigueira Somozas, As
Zona de Bergantiños	Ponteceso	Cabana de Bergantiños Coristanco Laxe Malpica de Bergantiños Ponteceso
Zona de Muros e Xallas	Muros	Carnota Mazaricos Muros Outes
Zona de Ferrol - Eume	Mugardos	Ares Cabanas Fene Mugardos Neda Valdoviño
Zona de Betanzos, Terra de Melide e Ordes	Curtis	Aranga Curtis Mesía Oza – Cesuras Sobrado Vilasantar
Zona do Sar e Caldas	Padrón	Dodro Padrón Pontecesures Rois Valga
Zona Santiago e A Barcala	Brión	Ames Brión Negrreira
Zona Ría de Noia – Servizo Municipal	Noia	Lousame Noia Porto do Son



PROVINCIA DE LUGO		
<i>Zona</i>	<i>Sede/s</i>	<i>Concello</i>
Zona de Friol - Palas	Friol	Begonte Friol Guitiriz Outeiro de Rei Palas de Rei
Zona da Mariña Central e Oriental	A Pontenova	Lourenzá Meira Pastoriza, A Pontenova, A Riotorto Trabada
Zona de Quiroga	Quiroga	Folgoso do Courel Pobra do Brollón, A Quiroga Ribas de Sil
Zona de Folgoso	Folgoso	Folgoso do Courel Pobra do Brollón, A Quiroga Ribas de Sil
Zona da Ulloa, Lugo e Chantada	Monterroso	Antas de Ulla Guntín Monterroso Portomarín Taboada
Zona da Mariña Central e Occidental	Cervo	Alfoz Burela Cervo Foz Valadouro, O Xove



PROVINCIA DE OURENSE

<i>Zona</i>	<i>Sede/s</i>	<i>Concello</i>
Zona de Avión	Avión	Avión Beariz Boborás
Zona do Ribeiro	Ribadavia	Arnoia Beade Carballeda de Avia Castrelo de Miño Cenlle Cortegada Leiro Melón Padrenda Ribadavia Toén
Zona de Valdeorras	Barco de Valdeorras, O	Barco de Valdeorras, O Carballeda de Valdeorras Larouco Petín Rúa, A Rubiá Vilamartín de Valdeorras
Zona de Terra de Caldelas e Trives	Castro Caldelas	Castro Caldelas Chandrea de Queixa Manzaneda Montederramo Parada de Sil Pobra de Trives, A San Xoán de Río Teixeira, A
Zona da Gudiña	Gudiña, A	A Gudiña A Mezquita Ríós
Zona de Laza	Laza	Castrelo do Val Laza Sarreaus
Zona de Muíños	Muíños	Bande Calvos de Randín Porqueira Muíños
Zona de Lobios	Lobios	Entrimo Lobios Lobeira
Zona do Pereiro de Aguiar	Pereiro de Aguiar, O	Barbadás Coles Nogueira de Ramuín Pereiro de Aguiar San Cibrao das Viñas



		Taboadela
Zona do Macizo Central	Maceda	Baños de Molgas Esgos Maceda Paderne de Allariz Vilar de Barrio Xunqueira de Ambía Xunqueira de Espadañedo
Zona da Veiga-Viana	Veiga, A	Bolo, O Veiga, A Viana do Bolo Vilariño de Conso
Zona Terras de Celanova Servizo Municipal	Mancomunidade	Bola, A Cartelle Celanova Gomesende Merca, A Pontedeva Quintela de Leirado Ramirás Verea

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

<i>Zona</i>	<i>Sede/s</i>	<i>Concello</i>
Zona da Mancomunidade do Val Miñor	Mancomunidade	Baiona Gondomar Nigrán
Zona do Baixo Miño	A Guarda	Guarda, A Oia Rosal, O Tomiño
Zona do Grove	Grove, O	Grove, O
Zona de Deza	Lalín	Agolada Dozón Lalín Rodeiro Vila de Cruces
Zona de Tabeirós e Terra de Montes	A Estrada	Estrada, A Forcarei Teo Vedra
Zona Redondela	Redondela	Pazos de Borbén Redondela Soutomaior
Zona Mos	Mos	Mos Pazos de Borbén Soutomaior
Zona Ponteareas Servizo Municipal	Ponteareas	Mondariz Mondariz-Balneario Neves, As Ponteareas Salvaterra de Miño
Zona Sanxenxo Servizo Municipal	Sanxenxo	Grove, O Meaño Poio Sanxenxo

En todos os casos, cada GES contará cunha estrutura profesionalizada e de carácter permanente, que dea cobertura a toda a zona de actuación do grupo conforme a este anexo no que se recolle a súa sede.

No caso de que algún dos GES non fose constituído ou quedara vacante, sen prexuízo de que a prioridade sexa cubrir esas vacantes, con carácter excepcional, os restantes GES deberán atender a zona de actuación vacante a petición do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 (CIAE112) que empregará coma criterio de mobilización a minimización do tempo de resposta.

Sen prexuízo da relación de concellos asignados a cada GES neste anexo, os GES deberán intervir fóra deste ámbito territorial cando sexan mobilizados polo CIAE112 para a atención a emerxencias por razóns de cercanía ou necesidade de recursos adicionais.

ANEXO II: CUSTO ANUAL (€) EN MATERIA DE EMERXENCIAS, PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS GES

Provincia da Coruña:

Zona	Sede	Comp	Custo	Deputación Provincial	Concellos	DXEI	DXAL	DXDM
Santiago-A Barcala	Brión	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Betanzos-Terra de Melide-Ordes	Curtis	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Ferrol-Eume	Mugardos	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Muros e Xallas	Muros	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Ortegal e Ferrol	Ortigueira	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
O Sar e Caldas	Padrón	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Bergantiños	Ponteceso	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Ría de Noia Servizo Municipal	Noia	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00	152.250,00	15.750,00	
Total			2.560.000,00	1.024.000,00	192.000,00	152.250,00	126.000,00	1.065.750,00

Provincia de Lugo:

Zona	Sede	Comp	Custo	Deputación Provincial	Concellos	DXEI	DXAL	DXDM
A Mariña Central e Occidental	Cervo	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Folgoso	Folgoso do Courel	6	160.000,00	64.000,00	12.000,00		7.875,00	76.125,00
Quiroga	Quiroga	6	160.000,00	64.000,00	12.000,00		7.875,00	76.125,00
Friol-Palas	Friol	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
A Ulloa-Lugo-Chantada	Monterroso	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
A Mariña Central e Oriental	Pontenova	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Total			1.600.000,00	640.000,00	120.000,00	0,00	78.750,00	761.250,00

Provincia de Ourense

Zona	Sede	Comp	Custo	Deputación Provincial	Concellos	DXEI	DXAL	DXDM
Avión	Avión	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Ribeiro	Ribadavia	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Valdeorras	Barco de Valdeorras, O	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Terra de Caldelas e Trives	Castro Caldelas	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Gudiña	Gudiña, A	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Laza	Laza	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Muíños	Muíños	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Lobios	Lobios	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Pereiro de Aguiar	Pereiro de Aguiar, O	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Macizo Central	Maceda	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Veiga- Viana	Veiga, A	12	320.000,00	128.000,00	24.000,00		15.750,00	152.250,00
Terras Celanova Servizo Municipal	Terras de Celanova		320.000,00	128.000,00	24.000,00	152.250,00	15.750,00	
Total			3.840.000,00	1.536.000,00	288.000,00	152.250,00	189.000,00	1.674.750,00

Provincia de Pontevedra

Zona	Sede	Comp	Custo	Deputación Provincial	Concellos	DXEI	DXAL	DXDM
Tabeirós e Terra de Montes	Estrada, A	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00	152.250,00
Deza	Lalín	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00	152.250,00
Baixo Miño	Guarda, A	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00	152.250,00



Mancomunidade do Val Miñor	Mancomunidade Val Miñor	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00	152.250,00
Redondela	Redondela	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00	152.250,00
Mos	Mos	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00	152.250,00
Grove	Grove	6	160.000,00 €	64.000,00 €	12.000,00 €		7.875,00	152.250,00
Ponteareas	Ponteareas	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €	152.250,00	15.750,00	
Servizo Municipal								
Sanxenxo	Sanxenxo	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €	152.250,00	15.750,00	
Servizo Municipal								
Total			2.720.000,00	1.088.000,00	204.000,00	304.500,00	133.875,00	989.625,00

Total custo anual

	Custo	Deputacións Provinciais	Concellos	DXEI	DXAL	DXDM
Total	10.720.000,00	4.288.000,00	804.000,00	609.000,00	527.625,00	4.491.375,00

ANEXO III: MEDIOS MATERIAIS

Co fin de proporcionar un servizo de calidade, axustado ás tarefas encomendadas, cada GES contará con:

- Un vehículo *tototerreno* que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación e estará ao corrente en toda a documentación obrigatoria do mesmo, cumprindo coas obrigas administrativas que leva apareladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de seguro, impostos, etc.
- Batelumes, ferramentas e equipos de protección individuais (EPIs) necesarios para realizar a súa función. As características técnicas mínimas dos EPIs serán as marcadas polo “Comité de Loita contra Incendios Forestais” (CLIF) ou polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (Pladiga). Os vehículos de extinción dispoñibles de acordo coa súa operatividade.
- En canto á roupa de traballo, os membros dos GES vestirán un uniforme axeitado ás características do seu traballo, na que figurará de forma visible a denominación “GES” e a zona de intervención, segundo o modelo definido pola Xunta de Galicia.
- Para a extinción de incendios forestais os equipos de protección individual (EPIs) terán as características definidas polo Comité de Loita contra os Incendios Forestais do Ministerio para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico ou o Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais – PLADIGA (ver



Deputación
DA CORUÑA

[https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/defensa-monte/pladiga-2024\)](https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/defensa-monte/pladiga-2024)

ANEXO IV: XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS E LIBRAMENTO DE FONDOS EN MATERIA DE EMERXENCIAS, PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS

A).- XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS E LIBRAMENTO DE FONDOS DA XUNTA

O prazo para presentar a documentación xustificativa ante todas as direccións xerais que participan no financiamento do convenio remata o 5 de decembro de cada ano.

Non obstante, polo que se refire aos gastos de persoal, a documentación xustificativa do pago efectivo destes gastos deberá estar en poder da Dirección Xeral de Defensa do Monte e da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, antes do 28 de decembro de cada ano.

1. O libramento dos fondos ás entidades locais nas que se sitúan as sedes dos GES ou os Servizos Municipais pola Xunta de Galicia, someterase ao seguinte réxime de pago:

a) Polo que respecta a Consellería do Medio Rural, librarase un pago anticipado do 100% de cada anualidade (ou porcentaxe segundo indicado na cláusula novena), logo de solicitude da entidade local. Este anticipo farase con cargo aos fondos propios libres do código de proxecto: 2011.00771.

b) Polo que respecta á Dirección Xeral de Administración Local, librarase un pago anticipado do 50% de cada anualidade, logo de solicitude da entidade local.

c) Polo que respecta á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, librarase un pago anticipado do 50% de cada anualidade, previa solicitude da entidade local.

2. Para a xustificación das actuacións subvencionadas ao abeiro deste convenio, ás entidades locais nas que se sitúan as sedes dos GES ou os Servizos Municipais, remitirán á Dirección Xeral de Administración Local, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e á Dirección Xeral de Defensa do Monte a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), a documentación seguinte:

a) Certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable no concello sede do GES ou Servizo Municipal, na que se indique o cumprimento do obxecto do convenio e o pagamento efectivo do gasto realizado.

b) Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello sede o co visto e prace do/a alcalde/sa, na que se faga constar:

- O acordo de aprobación polo órgano competente do concello sede dos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables ao proxecto subvencionado, no cal conste que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención, que inclúa a relación de gastos con identificación das persoas acreedoras (traballador/a, Tesouraría Xeral da Seguridade



Social, Axencia Tributaria), número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga. No caso de gastos de persoal deberá especificar o período anual que se imputa ao financiamento.

- Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.
- De ser o caso, que na selección e contratación do persoal seguíronse os procedementos establecidos na normativa de aplicación á selección do persoal ao servizo das administracións públicas con pleno respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

A certificación emitida para a Dirección Xeral de Administración Local referirase á conta xustificativa dos gastos subvencionados por este centro directivo, é dicir, aqueles financiados con cargo ao capítulo II, gastos correntes en bens e servizos.

A certificación emitida para a Dirección Xeral de Defensa do Monte referirase á conta xustificativa dos gastos subvencionados indicados na cláusula sexta.

c) Documentos acreditativos dos gastos e de pagamentos realizados:

Os gastos acreditaranse mediante nóminas, Relación Nominal de Traballadores, Recibo de Liquidación de Cotizacións, facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e os seus correspondentes xustificantes de pago bancario.

Na certificación emitida para a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e para a Dirección Xeral de Defensa do Monte, detallarase que se efectuaron as contratacións e as altas na Seguridade Social dos/as traballadores/as que forman parte da estrutura do GES e Servizos Municipais en cada un dos concellos implicados.

Para os efectos da súa consideración como gasto subvencionable, os correspondentes pagamentos deberán estar realizados con anterioridade á finalización do período de xustificación e acreditaranse mediante extractos de conta, certificacións bancarias ou xustificantes de transferencia bancaria, debidamente identificados e selados pola entidade financeira.

Porén, coa finalidade de poder acreditar o gasto da nómina do persoal correspondente ao mes de decembro de cada ano e para estes efectos, serán suficientes, para a súa consideración como gasto subvencionable, as certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable no concello sede do GES, nas que se indiquen que están contabilizados e fiscalizados os ditos pagos.

No suposto de que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola persoa representante

da entidade beneficiaria das subvencións.

Na documentación que se remita á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e para a Dirección Xeral de Defensa do Monte incluírase unha relación nominal dos compoñentes do GES, con especificación da persoa responsable do grupo e un número de teléfono de contacto. No caso de existir fondos remanentes, logo da xustificación dos concellos, serán devoltos por estes ao Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) A declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante do concello sede na que se faga constar:

- O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro deste convenio, polas distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar decontado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
- Que o Concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

Na declaración de axudas que se emita para as distintas direccións xerais debe facerse constar se o concello sede percibiu algunha outra axuda, aínda que sexa no marco do propio convenio, procedente de calquera das administracións ou órganos que financian as actuacións, para os gastos subvencionados pola Xunta de Galicia, incorporados na relación clasificada de gastos da conta xustificativa.

B).- XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS E LIBRAMENTO DE FONDOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

As Deputacións Provinciais remitirán ás Entidades Locais sede instrucións sobre a documentación requirida para a xustificación dos fondos aportados por estas.

ANEXO V MEDIOS PERSOAIS

Os concellos sede serán os encargados da selección do persoal. No caso que fora necesario seleccionar novos efectivos, o procedemento de selección realizarase a través do sistema de concurso- oposición respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade así coma a normativa de selección dos empregados públicos.

A subscripción do convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia e as Deputacións Provinciais, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade, nin

directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia o concello asumirá a posición de empresario ou contratante de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

Para participar nos procesos selectivos as persoas aspirantes deberán contar con carné de conducir tipo C, sen prexuízo dos demais requisitos mínimos que sexan esixidos consonte a normativa de aplicación .

A capacitación acreditarase coa formación impartida pola Academia Galega de Seguridade ou outros organismos públicos.

A experiencia acreditarase a través de certificacións emitidas polos organismos correspondentes aos que pertenceran os servizos nos que estiveran inscritos e desenvolvendo as súas actividades.

FASE DE CONCURSO

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 10 (sobre un total de 30 puntos da puntuación total do procedemento, ou proporción que resulte equivalente). O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmentemente polas persoas aspirantes conforme o seguinte baremo:

1. Méritos Profesionais.

a) *Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais nos últimos catro anos puntuarase 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.*

b) *Por cada mes completo prestando, nos últimos catro anos, servizos operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendio, e outras labores de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público puntuarase 0,10 puntos, ata un máximo de 2,5 puntos.*

c) *Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas nos últimos catro anos en postos de traballo semellantes aos que se convocan puntuarase 0,10 puntos por cada mes completo ata un máximo de 0,5 puntos.*

A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores aos sinalados.

2. *Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública):*

— *Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.*

— *Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.*

— *Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.*

— *Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.*

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación



mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

Aos efectos da súa valoración os títulos ou documentación acreditativa deberán indicar o contido dos cursos, seminarios, congresos, xornadas

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

A experiencia profesional como persoal dos GES, protección civil ou en praza ou posto de igual contido no ámbito da administración Pública xustificárase: Presentando certificación expedida pola secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:

—Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.

—Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración.

Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado haberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.

Para acreditar os méritos sinalados nos puntos 2 e 3 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva de aprobados. Estes puntos non poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima a outorgar nos anteriores apartados, será a seguinte:

— Méritos profesionais: Máximo 6,00 puntos.

— Cursos e Seminarios, etc.: Máximo 2,00 puntos

3. Titulacións oficiais en materia de emerxencias e protección civil

Por estar en posesión do Título de Técnico en emerxencias e protección civil, ou do Técnico Superior en Coordinación de Emerxencias e Protección Civil: 2,00 puntos

TEMARIO MÍNIMO DA FASE DE OPOSICIÓN

- a. Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia. Capítulos IV a VI do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.*
- a. Planificación en protección civil: Plans de emerxencia municipal.*
- b. Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra incendios*
- c. Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.*
- d. Accidentes de tráfico e excarceración.*



- e. *Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas*
- f. *Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emerxencias.*
- g. *Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia)*

Unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os admitidos realizarán un curso de carácter teórico-práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). A participación neste curso poderá excepcionarse no caso de que a persoa candidata conte co ciclo de formación de grado medio de técnico en emerxencias e protección civil ou certificado de profesionalidade de extinción de incendios e salvamento.

O curso selectivo responde ao seguinte modelo:

DATOS XERAIS DO CURSO

1. *Familia Profesional: Seguridade e Medio Ambiente. Área Profesional: Protección Civil*
2. *Denominación do curso: INTERVENCIÓN EN EMERXENCIA*
3. *Código:*
4. *Tipo de curso: ESPECÍFICO*
5. *Obxectivo xeral: Formación do persoal dos grupos de emerxencia supramunicipal para o exercicio da súa actividade laboral de intervención en incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, situacións derivadas de riscos naturais e calquera outra tarefa en materia de protección civil e emerxencias.*
6. *Requisitos do profesorado:*
 - 6.1. *Nivel académico: titulación universitaria, (Preferentemente...) na súa falta, capacitación profesional equivalente na ocupación relacionado co curso.*
 - 6.2. *Experiencia profesional: Deberá ter 2 anos de experiencia na ocupación.*
 - 6.3. *Nivel pedagóxico: Formación metodolóxica, ou ben experiencia docente.*
7. *Requisitos de acceso do alumno:*
 - 7.1. *Nivel académico ou de coñecementos xerais:*
 - *Estar en posesión de polo menos o título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou titulación equivalente.*
 - *Estar en posesión do carné de conducir da clase C*
 - 7.2. *Nivel profesional ou técnico:*
 - *Non se require*
 - 7.3. *Condicións físicas:*

Condicións físicas: carencia de afeccións, integridade física, resistencia física, forza, destreza manual, coordinación visión motora, rapidez de reflexos. "Aquelas que non



impidan o normal desenvolvemento da profesión”.

8. Número de alumnos: 12 alumnos por edición, sen prexuízo de que por razóns operativas poida superarse este número ao realizar conxuntamente a formación de varios GES.

9. Relación secuencial de módulos formativos:

- INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS (28 horas)
- INCENDIOS FORESTAIS (14 horas)
- ACCIDENTES DE TRÁFICO (21 horas)
- PRIMEIROS AUXILIOS (7 horas)

10. Duración:

Prácticas.....	50 horas
Contidos teóricos.....	20 horas
Total.....	70 horas

Dúas semanas en sesións de 7 horas/diarias de luns a venres.

11. Equipo, material.

- Equipo e maquinaria:
- Dotación completa de medios de protección contra incendios de tipo manual (extintores, mangueras, batelumes, antorchas de goteo)
- Paneis sinópticos explicativos do funcionamento do sistema de detección de incendios, alarma e extinción automática
- Radio transmisores
- Equipo de primeiros auxilios
- Equipo portátil de bombeo
- Grupos electróxicos
- Autobombas urbana e forestal
- Equipo de corte en frío (cizallas, radiais, etc.)

11.2. Material de consumo:

- Folios
- Cadernos
- Bolígrafos
- Lapis

11.3 Material didáctico.

1. Manual básico do curso
1. Caderniño de ponencias

11.4 Elementos de protección. No desenvolvemento das prácticas utilizaranse os medios necesarios de seguridade e saúde laboral e observaranse as normas legais ao respecto.

DATOS ESPECÍFICOS do CURSO

Denominación do módulo nº 1: INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS

Obxectivo do módulo:

- *IDENTIFICAR os tipos de combustión*
- *COÑECER os equipos de protección individual*
- *IDENTIFICAR tipos axentes extintores*
- *IDENTIFICAR tipos de instalacións de auga*
- *IDENTIFICAR tipos de bombas*
- *COÑECER a conducción de vehículos de emerxencias e o seu posicionamento*
- *COÑECER os distintos tipos de bombas, o seu funcionamento, o seu uso e necesidades de mantementos.*
- *COÑECER os procedementos de actuación en incendios urbanos e industriais*

Duración do módulo: 28 horas

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- *Prácticas de tendidos de mangueras.*
- *Prácticas de mantemento de bombas e impulsión*
- *Prácticas de conducción e de posicionamento de vehículos*
- *Prácticas de desprazamento en lugares de visibilidade reducida.*
- *Prácticas de extinción de vehículos. Prácticas de actuación en materias perigosas.*
- *Prácticas de extinción de incendios de gases.*

B) Contidos teóricos

- *Tipos de combustión.*
- *Equipos de protección individual. O traxe de intervención. El ERA: partes, uso e mantemento.*
- *Axentes extintores: espumas, extintores portátiles, auga.*
- *Instalacións de auga: mangueras, hidrantes, columnas secas y BIE.*
- *Traxes de aproximación e de penetración ao lume. Traxes NBQ.*
- *Bombas, bombas de achique y turbobombas. Uso e mantemento.*
- *Intervención con risco eléctrico.*
- *A química do lume.*
- *Axentes extintores.*
- *Localización do foco.*
- *Orientación, busca e rescate.*
- *Equipos de respiración asistida*



- *Entradas forzosas.*
- *Risco químico. Identificación de mercancías perigosas.*

Denominación do módulo nº 2: INCENDIOS FORESTAIS

Obxectivo do módulo:

- *IDENTIFICAR os factores que afectan ao comportamento dun lume forestal*
- *COÑECER os métodos e medios de prevención e extinción de incendios forestais*
- *COÑECER os procedementos de actuación en incendios forestais*
- *COÑECER as normas de seguridade na prevención e extinción de incendios forestais*

Duración do módulo: 14 horas.

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- *Prácticas de identificación das partes dun lume forestal*
- *Prácticas de extinción mediante ataque directo con ferramentas manuais*
- *Prácticas de extinción mediante ataque directo con liña de auga*
- *Prácticas de extinción mediante ataque indirecto: a queima do ensanche e o contralume*

B) Contidos teóricos

- *A prevención de incendios forestais: actuación sobre os combustibles forestais*
- *A detección de incendios forestais: o proceso de comunicación*
- *Medios para a extinción de incendios forestais*
- *Métodos de extinción de incendios forestais*
- *Organización do combate: etapas, primeiro ataque e ataque ampliado.*
- *Situacións de perigo e normas de seguridade*

Denominación do módulo nº 3: ACCIDENTES DE TRÁFICO

Obxectivo do módulo:

- *COÑECER os procedementos de intervención en accidentes de tráfico*

Duración do módulo: 21 horas.

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- *Prácticas vehículos*
- *Desencarceración, excarceracións e simulacións*

B) Contidos teóricos

- *Introdución aos accidentes de tráfico.*
- *Coordinación en accidentes de tráfico.*



- *Seguridade pasiva.*
- *Estabilización de vehículos.*
- *Seguridade persoal en accidentes de tráfico*
- *Sistemática de intervención en accidentes de tráfico prácticas con vehículos.*

Denominación do módulo nº 4: PRIMEIROS AUXILIOS

Obxectivos do módulo:

- *COÑECER procedementos a seguir en primeiros auxilios*
- *IDENTIFICAR tipos de queimaduras*
- *IDENTIFICAR tipos de traumatismos*
- *IDENTIFICAR outros tipos de lesións e feridas*
- *Duración do módulo: 7 horas*
- *Contidos formativos do módulo*

A) Prácticas

- *Reanimación: tipos*
- *Rescates con feridas*
- *Rescates de interior de vehículos*
- *Desencarcelación, excarceracións e simulacións*

B) Contidos teóricos

- *Queimaduras*
- *Alteracións eléctricas*
- *Afogamentos*
- *Traumatismos craneoencefálicos, médulas, torácico-abdominais*
- *Reanimación cardiopulmonar*
- *Feridas e hemorraxias*
- *Luxacións e contusións*
- *Torceduras*
- *Pautas de actuación en accidentes de tráfico*
- *Equipos de corte y separación*
- *Equipos hidráulicos*
- *Excarceracións*



**Deputación
DA CORUÑA**

ANEXO VI.-DOCUMENTO DE ADHESIÓN CONCELLOS

D./Dona _____, en representación do Concello de _____

DECLARA:

Que o Pleno (ou órgano competente) do concello

acordou, con data de __ do mes de _____ do ano _____ solicitar a adhesión ao Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra; en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, e, en consecuencia,

MANIFESTA:

A vontade de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas. Esta adhesión terá efectos plenos dende o (indicar data)

En _____, de _____ de _____

ANEXO VII – DISTRIBUCIÓN ANUAL (€) DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO

2025-2026-2027

DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO								
Gastos	Deputacións Provinciais	Concellos	Subtotal EELL	DXDM	DXEI	DXAL	Subtotal Xunta	TOTAL
Gastos de persoal SSMM	464.000,00	87.000,00	551.000,00		609.000,00		609.000,00	1.160.000,00
Gastos correntes en bens e servizos SSMM	48.000,00	9.000,00	57.000,00			63.000,00	63.000,00	120.000,00
Gastos de persoal GES	3.422.000,00	641.625,00	4.063.625,00	4.491.375,00			4.491.375,00	8.555.000,00
Gastos correntes en bens e servizos GES	354.000,00	66.375,00	420.375,00			464.625,00	464.625,00	885.000,00
Total	4.288.000,00	804.000,00	5.092.000,00	4.491.375,00	609.000,00	527.625,00	5.628.000,00	10.720.000,00

3.- Proposición da Presidencia da adxudicación da contratación da concesión de servizos do centro de produción virtual VPXR, servizo público da Deputación provincial da Coruña no marco do proxecto ecosistema dixital do sector audiovisual de A Coruña (EDAGA), A Coruña Estudio Inmersivo (CEI)

1º) Adxudicar mediante procedemento aberto cunha pluralidade de criterios de adxudicación, suxeito a regulación harmonizada, o contrato concesión de servizos do Centro De Producción Virtual VPXR, servizo público da Deputación Provincial da Coruña no marco do proxecto Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual da Coruña (EDAGA), A Coruña Estudio Inmersivo (CEI), expediente PCO.001.2024.00688, a PEDRALONGA ESTUDIOS S.L. NIF B70881578 con domicilio na rúa Periodista Enrique Mariñas 32; 15009 A Coruña, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: concesión de servizos

Procedemento: aberto con pluralidade de criterios

1.2. Prezo do contrato:

O adxudicatario aboará o canon mínimo anual de 32.299 euros máis o IVE correspondente, nas condicións estipuladas no prego que rexe a licitación e un canon adicional do 6% sobre o importe do beneficio neto despois de impostos que resulte da Conta de resultados da actividade de cada exercicio económico.

O adxudicatario aboará o canon mínimo anual de 32.299 euros máis o IVE correspondente, nas

1.3. Duración do contrato: Vinte anos a partir do día seguinte ao da súa formalización, sendo posible a súa prórroga por un período máximo doutros cinco anos máis.

1.4. Outras condicións da oferta:

Tarifas	
---------	--

PREZO ALUGUEIRO POR DÍA (TARIFA COMPLETA (1))	TARIFA REDUCIDA PARA DÍAS DE PREPARACIÓN PREVIA (2)
4.000,00 €	2.000,00 €

1. Tarifa aplicable para os días nos que se utilice o centro a pleno rendemento
2. Tarifa aplicable para os días necesarios para a montaxe e probas, sen utilización do centro a pleno rendemento.

3.

4. **Importe total investimentos:** 359.071,63 €

Anualidade	Importe do investimento
5	63.916,20 €
6	16.507,82 €
7	15.988,20 €
8	15.484,94 €
9	14.997,52 €
10	58.101,77 €
11	14.068,23 €
12	13.625,40 €
13	13.196,51 €
14	12.781,13 €
15	49.515,26 €
16	14.986,46 €
17	14.514,73 €
18	14.057,85 €
19	13.615,35 €
20	13.714,25 €

1.5. Financiamento: constitúe un ingreso para a Deputación da Coruña. Partida orzamentaria concepto 550.01 “Canon Estudio Virtual”

2º) Requirir ao adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que ao efecto se lle sinale, previo depósito na Caixa da Corporación das taxas por formalización de contratos administrativos polo importe que se lle indique.

Ao tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación de adxudicación aos licitadores.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpoña recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento da presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 LCSP respecto da súa declaración de prohibición de contratar.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, o recurso especial en materia de contratación a que se refire o artigo 44 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado, de conformidade co previsto no artigo 50 do citado texto legal. No seu caso, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

4.- Proposición da Presidencia sobre a aprobación da Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributaria do servizo público prestado no centro de produción virtual "A Coruña, Estudio Inmersivo (CEI)".

Primeiro: Aprobar inicialmente o establecemento da prestación patrimonial de carácter público non tributaria, polo servizo público prestado no Centro de produción virtual "A Coruña, Estudio Inmersivo (CEI)" da Deputación Provincial da Coruña e da Ordenanza reguladora da devandita prestación patrimonial de carácter público non tributaria que se transcribe a continuación do presente acordo.

Segundo: Someter o presente acordo a exposición pública durante trinta días para a presentación de reclamacións ou suxestións, entendendo definitivamente adoptado o presente acordo no caso de que non haxa reclamacións ou suxestións, requirindo en caso contrario de novo acordo plenario para a resolución destas.

Cuarto: Publicar o contido íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, despois da aprobación definitiva, como requisito para a súa entrada en vigor, unha vez cumpridos os trámites esixidos polo artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA DO SERVIZO PÚBLICO PRESTADO NO CENTRO DE PRODUCCIÓN VIRTUAL "A CORUÑA, ESTUDIO INMERSIVO (CEI)".

I. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A Constitución Española de 1978, logo de fixar a obriga que lle corresponde a todas as persoas de contribuír ao sostemento dos gastos públicos e de fixar os principios aplicábeis ao sistema tributario (xeralidade, igualdade, capacidade económica, progresividade e non confiscatoriedade), consagrou a vella idea de que non pode haber imposición sen representación, de xeito de que calquera aportación patrimonial de carácter público ten que ser autorizada previamente pola Lei, autodisposición da comunidade sobre si mesma e, xa que logo, expresión da vontade popular.

Na aplicación e concreción práctica do referido principio, o Tribunal Constitucional ten elaborado unha doutrina xa moi consolidada a día de hoxe, sendo certamente relevante a coñecida sentenza 185/1995, na que declarou a inconstitucionalidade de varios preceptos da Lei 8/89, de Taxas e Prezos Públicos, así como a 233/1999, na que aplicou a mesma interpretación sobre a Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais. En síntese, en ambas as dúas, recóllese a idea de que a imposición de prestacións coactivas por parte da Administración, con independencia da súa denominación que lles queira dar o Lexislador, teñen que fixarse co respecto ao Principio de reserva de Lei recollido no artigo 31.3, de xeito que os seus elementos esenciais han de ser definidos polo Lexislador ordinario, mais coa posibilidade de que logo sexan desenvolto regulamentariamente.

Nos anos posteriores a aquelas dúas sentenzas, tense producido unha importante



controversia doutrinal e mesmo xurisprudencial respecto da natureza xurídica das contraprestacións que veñen esixindo os concesionarios de servizos públicos, especialmente naqueles casos nos que as prestacións son indispensábeis para a vida privada ou social das persoas ou tamén naqueles outros de que existe un monopolio da actividade de servizo público, ben sexa de feito ou de dereito. O caso é que parecía non estar claro se nestas situacións a contraprestación tiña natureza da taxa, debendo ser logo ingresada a prol da Administración concedente, ou de prezo privado, o que lexitimaba que se retivese polo concesionario, ao ser a relación deste cos usuarios do servizo de natureza mercantil.

Logo da referida controversia e mesmo certo titubeo dos tribunais, foi a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a que dende o punto de vista legal veu a pór orde no asunto e, ao regular o contrato de concesión de servizos, estableceu no seu artigo 289.2 que as contraprestacións económicas que perciben os concesionarios, as coñecidas como tarifas, teñen natureza de prestacións patrimoniais de carácter público. E, de acordo con esta solución legal, na Disposición final duodécima engadiu un apartado 6 o artigo 20 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, para regular este novo concepto no ámbito das entidades locais, esixíndose que se regulen por ordenanza.

Pois ben, a Deputación Provincial da Coruña, sendo plenamente respectuosa cos principios constitucionais e réxime legal que se vén de expor, na elaboración e aprobación da Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, financeiros e técnicos para o inicio de actividade económica e implantación do servizo público do novo Centro de produción virtual nomeado “A Coruña, Estudio Inmersivo (CEI), xa anticipou que as contraprestacións a pagar polos usuarios deste servizo ían a ter a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario e deberían regularse por ordenanza aprobada polo Pleno da Corporación, logo de que a súa contía exacta, dentro do máximo previsto no Prego, fora determinada na oferta económica que presentara o adxudicatario.

Coa motivación exposta, unha vez coñecida a oferta económica presentada pola entidade mercantil proposta para a adxudicación do contrato, preséntase para a súa aprobación o seguinte texto normativo.

II. TEXTO NORMATIVO.

Artigo 1º.-Fundamento e natureza

1. Con pleno respecto ao disposto no artigo 31.3 da Constitución e no exercicio da potestade conferida ás entidades locais polo artigo 105.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e ao abeiro da regulación legal contida no artigo 20.6 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo), a Deputación Provincial da Coruña establece e regula, coa natureza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias, as tarifas que se esixirán polos servizos que se presten no Centro de Produción virtual A Coruña, Estudio Inmersivo (CEI).
2. O Centro de produción virtual “A Coruña Estudio Inmersivo” é un servizo público de titularidade provincial, cuxo regulamento de funcionamento foi aprobado por acordo plenario de 13 de setembro de 2024, e que se xestionará indirectamente a través un contrato de concesión de servizos, segundo o Prego de cláusulas administrativas

particulares e demais documentos que foron incorporados á Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, financeiros e técnicos para o exercicio desta actividade, documento que está publicado no BOP número 179, de 17 de setembro de 2024.

Artigo 2º.- Delimitación dos servizos suxeitos ao pago da prestación patrimonial de carácter público non tributaria.

1. As prestacións patrimoniais de carácter público non tributaria esixiranse pola prestación dos seguintes servizos:
 - a) As actuacións preparatorias realizadas no espazo ocupado polo estudio, que teñan como obxecto a configuración do escenario de gravación, realización de probas de son e imaxe e outras similares.
 - b) As actuacións de gravación de imaxes e sons utilizando as pantallas, cámaras, equipo de son e demais equipamento tecnolóxico do Estudio.
2. Quedan fóra da regulación desta prestación os servizos de carácter complementario que se poidan acordar entre a entidade mercantil concesionaria e as persoas usuarias das instalacións, tales como servizos de cátering, aluguer de vehículos, xestión de viaxes ou reservas de aloxamentos, merchandising e outros similares, que non están regulamentados e, xa que logo, non están abrangidos no ámbito do servizo público provincial.

Artigo 3º.- Persoas obrigadas ao pagamento.

1. Quedan obrigadas ao pagamento da prestación patrimonial as persoas físicas e xurídicas, así como outras entidades carentes de personalidade xurídica que constitúan un patrimonio separado ou unha unidade económica, que soliciten a reserva de uso do CEI para a produción virtual de contidos audiovisuais.
2. Serán responsábeis subsidiarios do pagamento das prestacións as persoas administradoras ou representantes legais das persoas xurídicas usuarias, en canto non leven a cabo as actuacións necesarias para que a entidade que administren ou representen proceda ao pagamento ao que están obrigadas.

Artigo 4º.- Tarifas.

1. De acordo co previsto no Prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de concesión de servizos e consonte coa oferta económica presentada pola entidade mercantil adxudicataria do contrato, as tarifas esixiranse nos seguintes importes:

CONCEPTO	IMPORTE € POR DÍA
1. Aluguer do CEI para preparación e montaxe de instalacións e proba	2.000,00
2. Aluguer do CEI para gravación de contidos audiovisuais	4.000,00

3. As tarifas esixiranse polo seu importe íntegro por cada día ou fracción do mesmo, sen que poidan ser obxecto de rateo por horas

Artigo 5º.- Devindicación.

1. A obriga de pagamento das tarifas devindicarase no momento no que se presente ante a entidade mercantil concesionaria e sexa aceptada por esta a folla de reserva das instalacións para determinados días.
2. Non se procederá a devolución dos importes correspondentes aos días de reserva que logo non sexan utilizados efectivamente pola persoa solicitante. a, a non ser que dita falla de utilización sexa debido a fallos ou deficiencias das instalacións.

Artigo 6º. Normas de xestión e cobro.

1. As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude de reserva exclusivamente por medios electrónicos, a través da páxina web da entidade mercantil concesionaria, fixando na mesma os días de reserva, diferenciando no seu caso os días de actuacións preparatorias do espazo e os días de uso dos medios de gravación efectiva.
2. Unha vez comprobada a dispoñibilidade e aceptada a solicitude de reserva pola entidade mercantil concesionaria, a persoa solicitante deberá autoliquidar a tarifa e realizar o ingreso na conta bancaria que se lle indique, momento no que a reserva quedará confirmada.
3. As autoliquidacións defectuosas ou que conteñan erros materiais, deberán ser inmediatamente corrixidas pola persoa solicitante e, no caso de que non se produza a correspondente emenda no prazo de 24 horas dende que se teña recibido o requirimento correspondente, deixarán de producir efecto.

Artigo 7º.- Control da Administración concedente, reclamacións e recursos.

1. A Deputación Provincial, na súa condición de titular do servizo público e administración concedente do mesmo, poderá realizar calquera control que estime conveniente para comprobar o cumprimento efectivo do previsto na presente Ordenanza.
2. As persoas interesadas poderán presentar calquera reclamación derivada da aplicación desta ordenanza ante a entidade mercantil concesionaria e, no caso de non ser atendida, só poderán presentar ante a Presidencia da Deputación o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais. Contra a desestimación deste último, expresa ou presunta deste recurso poderán interpor recurso contencioso-administrativo perante o órgano da xurisdición contencioso-administrativo que resulte competente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.- Procedemento para a actualización das tarifas previstas no artigo 4º

1. De conformidade co disposto no apartado 2.1 da cláusula segunda do Prego de cláusulas administrativas particulares da concesión, durante o último trimestre de cada ano, a entidade mercantil concesionaria deberá presentar unha das tarifas que pretenda aplicar no seguinte exercicio, achegando coa mesma un estudo dos custes asumidos, a evolución dos prezos de mercado e calquera outra motivación que xustifique a actualización tarifaria proposta. En calquera caso, o sistema de cálculo



**Deputación
DA CORUÑA**

para a determinación das novas tarifas deberá respectar as premisas de custes e estimación porcentual do beneficio para a concreción tarifaria na oferta inicialmente presentada.

2. Á vista da proposta presentada, unha vez emitidos os informes preceptivos, a Presidencia da Deputación ditará a resolución que proceda coa fixación das novas tarifas, da que se dará conta ao Pleno de la Corporación e será publicada no Boletín Oficial de la Provincia, para os efectos de xeral coñecemento e, no seu caso, presentación dos recursos que se estimen procedentes.

DISPOSICIÓN FINAL. Entrada en vigor.

De conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se teña publicado no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 da referida Lei.